



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Carmen Cajide Hervés, Beatriz Sestayo Doce, M^a del Carmen Acuña do Campo, José Manuel Lage Tuñas, M^a Soledad Soneira Tajés, Modesto Pose Mesura, Guillermo Meijón Couselo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Gallego Lomba, Laura Seara Sobrado, Pablo Xabier López Vidal, M^a Concepción Burgo López, Margarita Pérez Herraiz, José Tomé Roca, Mar Barcón Sánchez, Francisco Cerviño González, Luis Tojo Ramallo e Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

A Administración Local constitúe un eixo vital para o desenvolvemento das competencias que afectan ás cuestións máis próximas á vida dos cidadáns e cidadás.

Deste xeito, os concellos son a administración máis preta ás necesidades da cidadanía que demandan dos concelleiros e concelleiras unha actuación diaria e accesible.

O Goberno galego ven apoiando á Administración Local dende diferentes liñas de actuación. Non cabe esquecer, neste senso, a firma do Pacto Local ao inicio desta lexislatura, como instrumento vital de traballo e apoio cos municipios galegos.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vimos amosando ao longo da nosa historia como partido, unha clara vocación municipalista. Recoñecemos o labor dos e das responsables políticos locais, como fundamental, na vida socioeconómica dos seus concellos, e tamén como instrumento base para asentar calquera outro tipo de política (Autonómica, Estatal, Europea, ...).



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Das 3.847 persoas elixidas como concelleiros e concelleiras nas Eleccións Locais do 27 de maio en Galicia, un gran número, inicia a súa traxectoria política neste mandato. Seguro que chegan con gran ilusión e compromiso, pero tamén con dúbidas sobre cómo desenvolver coa maior eficacia as súas funcións.

Nos concellos máis pequenos, estes e estas responsables locais, estes concelleiros e concelleiras, esfórzanse en manter un pé na súa institución local e outro no movemento asociativo, mantendo un forte compromiso con todo o que ten que ver co desenvolvemento dos seus pobos, e co benestar dos seus veciños e veciñas.

Esta Proposición non de lei pretende o apoio, pero tamén o recoñecemento da labor tan importante que veñen realizando todas estas persoas, na gran maioría dos casos, sen remuneración algunha e cunha gran dedicación e entrega.

Dos 315 concellos de Galicia, 257 son menores de 10.000 habitantes. Isto supón que a gran maioría (2.604 aproximadamente) dos e das responsables locais estarán desenvolvendo o seu cargo en concellos pequenos, nos que os recursos son moito máis limitados.

De tal xeito, que nas súas tarefas do día a día van a sentir a falta de ferramentas de apoio e de asesoramento para resolver as cuestións que se lles vaian presentando, tanto nas súas responsabilidades de goberno como nas de oposición, ao longo de toda a lexislatura.



Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a crear os seguintes instrumentos:

- 1.- Manual de apoio a cargos políticos locais.
- 2.- Banco de boas prácticas da Política Pública Municipal.
- 3.- Foro de Intercambio de boas prácticas da Política Pública Municipal.


Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2007

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Beatriz Sestayo Doce
M^a del Carmen Acuña do Campo
José Manuel Lage Tuñas
M^a Soledad Soneira Tajés
Modesto Pose Mesura
Guillermo Meijón Couselo
Abel Losada Álvarez
José Manuel Gallego Lomba
Laura Seara Sobrado
Pablo Xabier López Vidal
M^a Concepción Burgo López
Margarita Pérez Herraiz
José Tomé Roca
Mar Barcón Sánchez
Francisco Cerviño González
Luis Tojo Ramallo
Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ismael Rego González
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María del Carmen Cajide Hervés na data 28/06/2007 10:22:51

Beatriz Sestayo Doce na data 28/06/2007 10:23:02

María del Carmen Acuña do Campo na data 28/06/2007 10:23:08

José Manuel Lage Tuñas na data 28/06/2007 10:23:17

María Soledad Soneira Tajés na data 28/06/2007 10:23:27

Modesto Pose Mesura na data 28/06/2007 10:23:35

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 28/06/2007 10:23:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/06/2007 10:23:52

José Manuel Gallego Lomba na data 28/06/2007 10:24:03

Laura Seara Sobrado na data 28/06/2007 10:24:13

Pablo Xabier López Vidal na data 28/06/2007 10:24:19

María Concepción Burgo López na data 28/06/2007 10:24:28

Margarita Pérez Herráiz na data 28/06/2007 10:24:34

José Tomé Roca na data 28/06/2007 10:24:41

María del Mar Barcón Sánchez na data 28/06/2007 10:24:49

Francisco Cerviño González na data 28/06/2007 10:24:59

Luis María Tojo Ramallo na data 28/06/2007 10:25:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2007 10:25:19

Ismael Rego González na data 28/06/2007 10:25:25